

Tras da roda polo mundo

Conversas con afiadores II

Francisco X. Gómez Cano



FRANCISCO XOSÉ GÓMEZ CANO

Madrid, 1971.

Licenciado en Ciencias Empresariais.

Membro da Aula de Música Tradicional “Gomes Mouro”.

Membro de “Bate Certo”. Músico e membro do equipo de investigación do grupo “Castro Floxo”.

Afiador galego en Portugal.



“AFIADORES EN PORTUGAL”

Entrevista a **D. Juan Formoso de Dios** (Afiador),

o día 3 de setembro de 1997

54 anos

Afiador natural de Pardeconde,

Concello de Esgos

**Dalí,
da zona onde somos nós
había moitos en Lisboa
daquela.**

Don Xoán aínda hoxe afía. Segue a afiar coitelos, navallas, e tamén afía ben a súa memoria á hora de lembrar con nostalxia e orgullo aqueles anos mozos que pasou afiando coa súa tarazana polas rúas de Lisboa. D. Xoán traballa agora a diario nun pequeno obradoiro incrustado na catedral de Ourense baixo a escalinata principal. E coma el mesmo reconece, traballa naquello que durante moitos anos de ambulante na súa xuventude, e tras un paréntesis coma emigrante en Alemaña, só era un soño: ter un negocio de seu, a ser posible, na súa terra, e a ser posible, ...coma afiador.¹

¿Fillo de afiadores, tamén?

Pois sí. O meu pai era afiador, peneireiro, que era toda a xente que facía peneiras, e todo eso...

¿Cantos anos afiando?

Bufff... Deica a pouco, toda a vida. Dende os dezasete anos, ou dezaseis e algo que marchei. Estiven en Portugal, en Lisboa. Dalí da zona onde somos nós había moitos en Lisboa daquela. Entonces ibas aprendendo uns cos outros. E pra 'la fun, con esa edá.

¿Sabendo xa afiar, ou non?

Non, practicamente nada. O que pasa é que tiñas algo de idea, porque ó nacer entre a xente que é afiador,

sempre tés idea. Colles dos pais ou de alguén, ¿non sabes?, ...esto faise así, ou faise andando... Oes, e vas collendo algo.

¿Que ía, de «Mutilo»?

De Mutilo, exactamente...

Entón, era moi típico que os de esa zona marcharan hacia Lisboa...

Sí, moito, moito... Tamén andaban por Castilla moitos.

¿E usted en Portugal solo afilou en Lisboa?

Sí en Lisboa... A veces saíamos os pueblos cercanos(...)

¿Cantos afiadores había cando estivo vostede en Lisboa?

Había moitos daquela. Igual andá-bamos na calle setenta ou oitenta afiadores.

¿Ían directamente a afiar a Lisboa, ou ían afiando toda a ruta ata chegar?

Había algúns que iban polos pueblos. Dende aquí metíanse na fronteira, e ían polos pueblos afiando hasta alá. Outros non... Eu xa fun directamente hasta alá. Fun no tren e despois alá xa me tiñan incluso unha fonda buscada donde durmir...

¿Era unha desas ás que lle chamaban pousadas en barallete, donde ían todos os afiadores?

Pousadas, sí, exactamente. E alí, pois, polas calles todas..., Coma se andiveras aquí por Ourense, na capital. Eu a cidade de Lisboa coñozcoa como Ourense, ou mellor que Ourense. Anduven daquela sete anos afilando por alí, e sempre polas calles, por un lado e por outro...pois coñeces a cidade...

¿Sempre cunha roda de madeira?

Sí sí, coa roda... coa auténtica roda.

¿Levaban a roda no tren?

A roda facturabamola no tren,... e despois cando viñas, xa a deixabas alí. A primeira vez, claro, había que

facturala no tren.

Algo me contou Florencio (de Arboiro), de que os afiadores se xuntaban todos nos mesmos sitios...

Sí, tiñamos os nosos sitios para comer, por exemplo, o mediodía. A noite xa te xuntabas donde parabas, pero a mediodía o mellor pois xuntabaste con sete ou oito afiadores. Era moi raro que o mediodía comeras solo, porque andabamos moitos... entón, se non encontrabas un ou dous, encontrabas tres ou catro. ¿Onde vas comer?... Pois vou comer a tal sitio. En cada zona, en cada barrio xa tiñas un bar que comías alí os afiadores. Comías bastante ben, e non era fora de precio.

¿E cómo podía ser un día normal de traballo alí en Lisboa?

Levantarse, empezar sempre empezabas sobre as oito e media, nove da mañá,... xa empezabas a traballar. A roda deixábala ó millor lexos, depende de donde traballaras o día anterior. Como Lisboa é moi grande, se a deixabas a oito ou nove quilómetros, pois tiñas que ir andando hasta onde tiñas a roda. Eu encontrábame aquí e xa había un sitio para gardalas... e despois collía o tranvía ou autobús e marchábame para casa. E si era cerca, iba andando que había veces que me coincidía cerca. ...Pero bueno, levantarse, desaiunar algo, collías a túa rodiña, polas calles adiante, chiflando, ...e donde saía traballo, a traballar, hasta o mediodía, unha, unha e media ou dúas, como aquí máis ou menos. O horario non era fixo pra comer. Normalmente era a esa hora se non tiñas traballo, sobre as dúas. Pero se tiñas traballo o millor estabas hasta as tres ou as catro traballando. E así, descansar despois o mellor o mediodía un pouco cos compañei-

1. Na transcripción das conversas dos afiadores prescindimos de calquera tipo de normativización, tratando de reflexar ao máximo o seu xeito de expresarse, que consideramos máis interesante.



ros... e logo traballando hasta a noite. A noite non había horario tampouco. Non é como eiquí que traballas e ala!!, as oito cerras e vía... Alí se traballaba normalmente hasta que era día. Era unha vida bastante relaxada. En Castilla era peor a vida. Andaban de pueblo en pueblo,... eu tamén andiven cun cuñado en Castilla unha temporadiña.

¿Por qué zona?

Por Palencia... na provincia de Palencia, polos pueblos. Alí andabas de pueblo en pueblo. Il tamén tiña moi boa clientela. Era un home que traballara xa alá moitos anos e xa tiña os seus clientes, pero xa non era na cidá. Era nos pueblos. Terminabas nun pueblo, íaste para outro coa roda na mao por aqueles camiños todos,... por carreteras, ou por donde fora.

«bueno, o día que marche pra España, se podo, hei montar un negocio de esto, de afiador».

Foto do Sr. Juan diante do negocio.

¿A Castela que foi, antes ou despois de Lisboa?

Antes, antes... Alí xa aprendín eu algo, e despois xa fun para Lisboa.

¿E cando iba por Castela, non afilou tamén aparellos agrícolas?

Si, as serras das segadoras (...). Facíanselle uns dentiños, e eu facíalle os dentes, cando era noviño.


Aprendeume o meu cuñado, cando iba con él.

¿Canto tempo estivo co seu cuñado por Castela?

Pouco, uns seis meses.

Ahí xa tiñan unha clientela máis fixa ¿non?

Ahí iban a tiro fixo. O meu cuñado sabía de que iba a tal pueblo, e lle daban o traballo todo a él. Tiña xa a clientela fixa durante o ano. Despois tiña épocas, por exemplo, na da sega había moito traballo... Tamén na época de rapar e de esquilas ás ovelas, afilaba as tixeiras de afiar as ovelas. Él tiña traballo case todo o ano.



Aparte de afiar, ¿Tiñan algún outro oficio?

Arreglábamos paraguas, tamén. Todo era afiar e arreglar paraguas. Incluso cosíamos louza, por exemplo, de barro. Rompía unha fuente, e non era coma hoxe, que hoxe tírase todo,

entón as mulleres aproveitaban: rompíalles unha fuente e botábaslle unhos «gratos», unha especie de alambre fuerte pra que sujetara... E capábamos gatos,... Siii ¡Hasta capábamos gatos! Eu cheguei a capar gatos. Aprendín a capar gatos. Os primeiros costábanche, porque claro non sabías, pero aprendías con outro. Viasllo facer a outro e entón capábalos...

¿Canto podía sacar nunha xornada de traballo en Lisboa?

Daquela, no ano sesenta e un, mais ou menos, ao millor gañabas sobre cincuenta escudos, que daquela o escudo valía mais ca hoxe. Había veces que gañabas cen escudos. E era un bo xornal, porque cen escudos, multiplicado por... porque nos traballabamos Domingos e todo, o millor librabamos os Domingos a tarde, ou largabas un pouco antes, pero era o mes corrido, practicamente..., pois o millor gañabas unha media de cinco, seis, sete mil pesetas. Os veteranos que sabían traballar ben gañaban máis. Nos os novatos, claro, era peor. Tiñas problemas porque aparecíanche certos traballos que non sabías facelos ben...

¿E a clientela que tiña alí en Lisboa?

A clientela non era fixa. Algunha era fixa, pero normalmente era a que che saía

Pero iba ao mercado, ou ¿por donde iba ?

Si, a veces o mercado. Porque si che coñecían xa che daban uns coitelos de carnicerías, pescaderías, ...xa chos daban pois unha vez á semana, ou unha vez cada quince días... Pero o normal era aventurera, a que che saía.

¿E cos outros afiadores que estaban alí a traballar en Lisboa, tiñan a cidade repartida, ou non...?

Non, non... cada un iba por donde quería. Eu hoxe iba por un barrio, e mañá iba pra outro... Non se repartía nada. Máis ou menos cada un xa tiña a súa «área», como se dice. Pero non era marcada. Si eu iba traballar alí donde traballaba o outro, non pasaba nada. Non había problema ningún.

¿Solían estar alí temporadas largas?

Si, catro ou cinco meses,... o millor



marchabas no mes de agosto, estabas hasta Navidá, viñas e pasabas eiquí un mes ou dous, e despois marchabas outra vez en febreiro e viñas no mes de Julio. Porque daquela, claro, estabas alí e máis tiñas traballo na aldea, e dicir, que viñas a segar a herba, a facer os traballos da casa de verao, e despois volvías marchar outra vez...

Algo me comentou Florencio (de Arboiro), que había moitos afiadores que non tiñan papeles, e que lles pasaban a roda a Portugal os que si que tiñan...


Sí, Sí... Eu a primeira vez que fun, fun cun pasaporte de turista. Fíxeno aquí en Ourense... e coma min iban todos. E despois por mediación de

pola calle e pedíronme a documentación. Viron que era español, que era afiador... Eles sabían que os afiadores eran todos españoles, porque portugueses non había. De cen aparecían un ou dous. Os demais eran todos galegos. Entonces eles sabían, e pedíanche a documentación, e eu non a tiña. Eu tiña o pasaporte... «Usté non pode traballar aquí, ten que marcharse»... Eu díxenlle «bueno, pois se non podo traballar, marchó», ...Pero non marchaba.

Entón alí ¿Canto tempo botou en Lisboa?

Sete anos

¿E despois xa se veu para aquí e xa montou o taller?



xente coñecida alá, pois xa arreglabas a residencia. De turista non podías traballar alí, pero ó ser residente sí. Eu a terceira vez que fun xa me fixeron residente, por mediación dun señor que había alí español, que coñecía a policías alí, e tal, pagouse algo, e fixéronme residente. Se eras residente non pasaba nada, xa podías traballar. As primeiras veces claro, andabas mal, porque primeiro, eras novo, non tiñas experiencia no tema; tiñas medo a ver se viña a policía. A min unha vez pasoume eso: veume a policía, e viñan vestidos de paisano

Non, despois estiven en Alemania. Pero non traballei de afiador. Traballei nunha empresa. Pero bueno, eu sempre me tirou a idea de esto. Estaba en Alemania e dixeran, «bueno, o día que marche pra España, se podo, hei montar un negocio de esto, de afiador...» E efectivamente, cando vin, había aquí un señor moi maior, que xa se iba a jubilar, faleille do traspaso, e collílle este negocio...

¿Era afiador tamén él?

Sí, o que abriu esto si... Esta casa leva aberta ala pra cerca de oitenta

anos, é a máis antiga de Ourense. Abriuna un señor, que lla deixou ó fillo, e o fillo xa se xubilaba cando eu viñen para Ourense, ...E xa levo eu aquí vai pra quince anos.

Esta era a ilusión de moita xente, ¿Non?... Gañar cartos para despois poder montar o seu propio negocio.

Claro, claro... Eu vinme de Alemania con idea de ou por esto ou por outra cousa. Non te por a traballar pra outro. O que pasa e que a min gostábame máis esto, porque esto entendíano eu moi ben. Eu

entrei eiquí o primeiro día e non gañaba moito, pero xa empezei a gañar diñeiro, porque sabía arreglar ben os paraugas, sabía afiar ben... Ahora sei millor, porque canto máis o fagas millor

Ó non poder coller outra cousa, ó non haber estudos... Sempre tiñas cartos no bolsillo.

sabes. Incluso non é o mesmo afiar eiquí nun taller nun motor, como afiar na roda.

¿Cómo facían para volver á Galiza co diñeiro que gañaban?. ¿É verdade que o tiñan que traer camuflado?

Ah tamén, si si... Porque daquela non era o diñeiro que se podía xirar, coma hoxe... Tiñalo que traer guardado. Como eramos moitos do mesmo pueblo, ou de pueblos cercanos, coñecíamnos todos... entón o que non viña, mandaba o diñeiro por un ou por outro... Cambiabas alí o diñeiro, de escudos a pesetas, e despois, «Toma, eu douche dez mil pesetas, levallas á miña familia»,... A veces viñas cheo de diñeiro, guardado por arredor do corpo. ¿Eu cheguei a traer cen mil pesetas naqueles tempos, eh...! A vida era bonita, o que pasa é que era unha vida exclava,



porque tiñas que andar ambulante,... e en Lisboa xa menos mal, porque tiñamos un sitio fixo pra durmir. Pero de todas formas eu pra min era unha vida boa..

(.....)

¿Con quen aprendeu vostede a afiar?

Pois eu aprendín cun cuñado meu, porque meu pai xa tiña morto cando eu marchei para alá.

¿Xa tiña unha roda súa?

Si, tiña, tiña. Compreína aquí cando marchei, e leveina pra alá.

¿Quen facía as rodas?

As rodas facíanas en Luínta, en Liñares. Había un señor ahí que era o que facía todas as rodas. E eu compraraa ahí tamén. Era a fábrica que había. De ahí saíron rodas «a punta pala», que irían a todas partes do mundo...

¿Canto costaba unha roda, daquela?

Eu creo que pola miña dera mil quinientas pesetas. Eu compreí outra de segunda mao. Eu traía unha roda que xa era moi velliña, e non valía casi. Enterámosnos que ese señor xa non iba máis pra alá, e fumos o meu cuñado e eu a Liñares, que era de alí, e comprámoslla.

¿E as Pedras?

Comprábanse en ferreterías... Habíaas distintas, e comprábase a de afiar ferramenta máis fina, normalmente. Levabas unha, e logo levabas un pulidor, para pulir a ferramenta fina.

¿E a roda duroulle todo o tempo que estivo traballando?

Si, si... me durou moito.

¿E aínda a ten?

Non, vendina. Vendinlla a un señor para Madrid. Fumos facer alí un homenaxe a uns afiadores, e vendinlla a un señor. Compreille outra ao meu cuñado e agora teño outra. (...) Teñoa porque me gusta tela como recuerdo. A roda é o mesmo coma a

outra.

¿En Lisboa andaban tamén cos «pitos», para anunciarense?

Si, si...

Chiflando pola calle.

¿E cada un tiña o seu «toque» personal?

Si, cada un tiña a súa forma de tocar. Si, porque é moi difícil de copiar.

P ó d e s e

Esgos, Nogueira de Ramuín, Luínta, A Loña, ...toda esa zona. Esa era a zona da que máis iban pra Portugal. Sin embargo, os «Caldelaos», que lle chamábamos nós, eses iban máis pra ahí pra parte de España.

i m i t a r máis ou menos o outro.

Pero cada

un máis ou menos tocaba a súa maneira. Había afiadores que tocaban de maravilla. Moi ben. Eu penso que había afiadores dos que traballaban pola calle e a xente lle daba o traballo polo ben que tocaban o chiflo.

¿E usted qué tal lle pegaba?

Eu ben, bastante ben... Eu teñoos eiquí a vender.

(D. Juan tocou para nós, e podemos confirmar que o que di é certo)

¿Quen fai os chiflos?

Os chiflos facíanos no mesmo sitio donde facían as rodas, pero agora o

señor morreu, e a min facíamos ahí outro señor, que tamén está moi velliño, xa se xubilou. É de ahí donde a Reza, (...) Pero el nunca se dedicou a



esto. El copiou por un vello que tiña eu.

¿De qué madeira se facían?

A madeira deles é o buxo. Ese era o auténtico, o bó. Pesaban moito. O que pasa é que o buxo é caro, e é moi difícil de conseguir. Eu os que teño agora son de bidueiro.

¿Tiñan tamén as súas cancións de traballo?

Había, había... O meu cuñado, por exemplo, sabía tocar cancións con esto. Pero eran os menos. Fora do traballo, no ligaba esto pra nada. (refírese ó chiflo)



E a parte de usar os chiflos, ¿avisaban dalgunha outra forma? Por exemplo, en Barcelona creo que andaban tocando cun ferro na roda...

Non, en Lisboa non. Alí pregonabas... «¡Afiador!», e despois tocabas o chiflo, e esa era a forma. ¡Afiador y Paraguero! Berrabas, e o mesmo tempo tocabas. Entón a xente xa tiña aquilo metido na cabeza. O chiflo era o que máis lle... Porque o chiflo sintese moito.(...)

E cando chegou eiquí, ¿qué lle pareceu o cambio de estar pola cidade paseando, a traballar nun local pechado.

O cambio foi moi grande. Eiquí sales deiquí e pechas a porta e ningún sabe si eres afiador ou si eres outra cousa. O sea que é totalmente diferente.

Pero usted esta contento deses anos que botou en Lisboa.

Ah, si claro... Eu gústame incluso moito esa vida. A veces pasa por eiquí un afiador, e inda me gusta que pase por eiquí. Penso «cantas veces andiven eu como este!»(...) Andabamos moitos rapazes novos, e incluso a xente dicíache «Pero logo usté, que é un rapaz novo!». «Bueno e que gosto disto», dicíamolle que gostabamos do oficio.

Porque estaban orgullosos de seguir coa tradición.

Sí, claro. Ó non poder coller outra cousa, ó non haber estudos... Sempre tiñas cartos no bolsillo, que era unha cousa moi boa. Che facía ilusión eso: que tu chegabas á noite, e sempre tiñas diñeiro no bolsillo.

Porque ó fin e ó cabo, era un bo negocio ¿non?

Facías diñeiro. Eu acórdome con dezasete anos, que ás veces saíanche traballos, e non é coma hoxe, cando eres home feito, tes valor máis pra todo... Acórdome a primeira vez, sen saber traballar nin nada, eu mandárame os meus pais creo que foran seis ou sete mil pesetas, ¡naqueles tempos! porque un obreiro gañaba en Ourense non sei se vinte pesos ó día. Non sei se o gañaría... E claro eran cartos aforrados, porque eran despois de comer, de dormir, e todo. Esos eran libres. Tamén se comprabas algunha prenda de roupa, ou algo. O

oficio de afiador sempre gañou cartos. non pra porse millonario. Tamén había algúns que gañaban e fundían todo, pero eso pasa tamén na vida normal.(...)

E en comparación, donde sacaría máis: hoxe eiquí establecido, ou antes como ambulante.

Quizais como ambulante sacara tanto coma eiquí. Inda hoxe. Eiquí estás sometido a uns impostos, para o negocio que é, pequeno, moito. Abres a porta e tes unha serie de gastos xa, que de ambulante non tes nada. Ganas mil duros e son mil duros que ganaches.

¿En Lisboa non tiñan que pagar Licencia para afiar, como en Barcelona?

Nada, nada, non pagabamos nada. Os gastos que tiñas, e fuera... De vivir de comer, e xa está.

Xa che digo, eu estou contento de ter sido afiador. E logo que aprendes moito. Aprendes moitísimo. É unha carreira. (...) Andas ambulante, e tratas con moita xente: con xente educada, con xente «xitana» que te quere «tal», e entóns ahí aprendes unha burrada, de andar por un lado, por outro. Eu cando logo marchei para Alemania iba máis fino cas pesetas xa...

¿Houbo alguén na súa casa que sigue-se coa tradición?

Non, na miña casa non. Porque teño unha filla solo, e entóns xa...

Porque as mulleres nunca afiaron.

Non, as mulleres este oficio non lles vai. O millor estar no comercio sí, pero o que é afiar... nunca. Nin a máis valente se atreveu a facelo nunca. E é un traballo que se se houbera posto houberao feito, pero claro, fai falta valor. Tes que andar dun lado para outro, e as mulleres son peores para eso.

Na súa zona había moitos afiadores, ¿eran moitos os mozos que vían unha saída na profesión de afiador?

Sí, por donde nós andaban moitos. E de Caldelas moitísimos... Pero esa zona iban máis pra Castilla. A Portugal iban moito esta zona de Esgos, Nogueira de Ramuín, Luíntra, A Loña, ...toda esa zona. Esa era a zona da que máis iban pra Portugal. E logo talleres había moitos, alí, de

españoles... pero de esta zona. Sin embargo, os «Caldelaos», que lle chamábase nós, eses iban máis pra ahí pra parte de España. Aínda que bueno, os «Caldelaos» hainos por todas partes. Había outros que andaban vendendo quincalla, pero eses tiñan que comprar mercancía pra poder vender, e tiñas que meter cartos,... e claro, os cartiños daquela andaban escasos.

¿Había moitos que se dedicasen a outros oficios á vez co de Afiador, como Cordeiros, Quincalleiros, etc...?

Sí, si... Había outros que se dedicaban a facer Albardas, os Albardeiros. Tamén había moitos pola zona de donde son eu. Pero esos dedicábanse solo a eso: facer albardas, cabezadas pros animais. Había outros que se dedicaban a facer peneiras, e outros dedicábanse a arreglar potas, chamábanse «cerralleiros»... O que facía peneiras xa levaba unha caballería pra levar toda a ferramenta, os artigos, os aros, todo... Esa xente dedicábase máis a facer peneiras que a afilar. O cerralleiro sí que solía ir ó millor coa roda, e afilaba e arreglaba paraugas tamén. (...)

¿Usted que é o que máis afiaban?

Coitelos e tixeiras. Moitos. Inda hoxe eiquí é o que máis afilo. Tamén afilo navallas de afeitar, tixeiras de barbeiro, todo...

Canto cobraba polo afiado, daquela, por exemplo dun coitelo ou dunhas tixeiras.

(...) Daquela cobrábase pouco. Non sei se cinco pesetas. (...) Por capar un gato, por exemplo, xa se cobraba máis. Cobrábamos dez, vinte escudos, que eran cuarenta pesetas. (...) O capador era un bo negocio, o que pasa e que tiñas que ter coidado por se te mordía o gato.(...) Non tiñas unha tarifa fixa. Ahora ¡Dios me libre que lle morrera o gato á muller! (...)



“AFIADORES EN AMÉRICA”

A historia do Sr. Santos parece sacada dunha novela. Tiña trinta anos cando marchou para Brasil, e alí terminaría pasando 32 anos da súa vida. O Sr. Santos profesa un cariño especial por Florencio

de Arboiro, que foi quen nolo presentou, e o quixo deixar claro dendo o primeiro momento da nosa conversa nunha maña de Domingo que se alongaría ate a sobremesa,...



«Traballei coma un negro en Quintela. Despois morreume o meu pai, e o abuelo diste (refírese a Florencio de Arboiro, que estivo con nós na conversa), foi coma un pai para mín... O que fixo o Sr. Nicanor por mín non o fixo nadie. O que me fai ben nunca se me olvida. Cheguei á porta del para que me viñera arreglar a máquina de mallar a Quintela (...), e díxome «fixate tí que casualidad que acabo de levar a miña a arreglar a Ourense, pero imos arranxar a túa».

Como moi ben sinalou Florencio, é de destacar que o Sr. Santos, na súa época, era en certa medida un innovador no seu ambiente: chegou a ter dúas malladoras, e mesmo chegou a deseñar unha máquina de facer macarróns? É máis: xa de xoven tiña claro o que quería facer na vida:

«A miña idea era poñer un muiño, pra aprender a ferreiro, e casarme... Eu quería facer a vida independente, non quería vivir como vivían aquí moitos».

O final o Sr. Santos tería que viaxar ate Brasil para acadar a súa independencia, aínda que nunca chegaría a casarse.

¿Cantos anos tiña cando marchou por primeira vez? Fixen a miña pregunta inocentemente, pensando que o Sr. Santos, coma moitos, marcharía de neno obrigado polas circunstancias económicas da familia. Pero a súa resposta me colleu por sorpresa:

Marchei de eiquí escapado, obrigado, que eu estiven eiquí preso. Tería por aí uns trinta anos. Eu marchei no cincuenta e tres. Nacín no vinte e un e marchei no cincuenta e tres. Estivera preso eiquí, e despois tiven que escapar para alá...

Aínda con medo de resultar indiscreto, non puiden resistir o facerlle a seguinte pregunta:

¿Pero estivo preso por motivos políticos?

Non, non de política nada. Eu nunca me metín en política... Eu so traballaba coma un negro. Despois o meu pai sí, era «das izquerdas». Cando morreu tiráronse contra mín

Conversa con

Sr. Santos Díaz Sotelo

o día 28 de setembro de 1997

76 anos

Afiador natural

de Quintela de Mazaira

Concello de Castro Caldelas

(non explicou quenes foran os que se tiraran, aínda que non é difícil de adiviñar), e tiven que marchar...

E claro, xa marchou coma afiador

Non, marchei “ó que saíra”. Eu non iba a nada. Eu levaba de eiquí un certificado de carpinteiro, que me fixera o José María, que aínda vive, que está ahí en Orense. Deume un certificado, cheguei ó Brasil once días despois de saír de eiquí, dende Vigo, e no Río de Xaneiro xa tiña un irmao, Sotero (ó que despois coñecemos na comida), e outro que se chama Antonio, que aínda está alí, aínda está no Río.

Eu cheguei ó Río e había que traballar de algunha cousa. E que digan o que queiran, e non quero ofender a nai, máis pra mín non hai unha industria no mundo, hasta hoxe, coma a da roda de afiar. Esa é a mellor industria de todo o mundo. Cando cheguei eu non levaba a roda, máis se chega por exemplo un afiador coa roda e chega un inxenheiro, ou chega un profesor, ou chega calquer un, van ter que traballar unha temporada para poder pagar o hotel. Mais o afiador xa sai por ahí adiante tocando o pito, e xa pode ir ao banco, ...aínda que alí non se toca o pito, alí é unha lámina de aceiro que se toca sobre a roda, que lle chaman «Ballena», e escoitase moi lonxe... (o Sr. Santos comprometeuse a facernos unha demostración de como sonaba a Ballena)

¿E cando chegou a Brasil que empezou a afiar por Río de Xaneiro?

Eu empezei a afiar porque o meu irmao Sotero tamén andaba alí coa roda. E eu empezei a afiare, que xa andivera eiquí unha vez coa roda que fora dende eiquí (Castro Caldelas) ate Victoria, que eu quería comprar unha máquina de limpar e mallar, e por non pagar a pasaxe,



collín unha roda emprestada e marchei dende eiquí ate Victoria para ver como eran as máquinas.

Ou sexa, que xa tiña experiencia en afiar cando chegou ó Brasil.

Sí, si... E despois cheguei alí e collín prestada unha roda do meu irmao, do Antonio, que fixera él mesmo. E fun con eles un día. Con quen máis andiven foi co Ramón de Vilarello, moi boa persona, que está aínda en Ourense. E eu estivera donde «o Purrelo» (que era un famoso ferreiro da zona de Castro Caldelas), e entendía algo de mecánica. Entón eu quería ir traballar cun mecánico que era español, que era o dono dun garaxe que lle chamaban Garaxe España. Fumos ver can-

to me pagaba, e díxome como pagaba, e o Ramón díxome: «Eu sei quen che paga máis». «Bueno pois entón vámonos»... E así seguimos afiando, e acabábase o día, e non chegabamos donde o que pagaba máis. Eu cobraba e gardaba o diñeiro no bolsillo, e preguntoulle ó Ramón

«¿máis cando chegamos donde o que paga máis?» e díxome «¿Máis ti aínda non viches quen paga máis?» «Eu non, non me dixech nada...» «Conta o diñeiro que levas». Conteí o diñeiro que levaba no bolsillo e era tres ou catro veces máis que o que me pagaba o mecánico. «Entón xa sabes quen te paga máis».

A partir de ahí collín a roda do meu irmao e fun traballar con iles por alí por Río de Xaneiro, ...mais facía un calor desesperante. E no Río hai moito risco, pra subir a aqueles «morros». Pódenche quitar aquela xente ¡dican que a xente é mala!, mais pra min nunca o foi. E o calor eu non o aguantaba. Non sei se botaría un mes no Río. Agarrei e sin saber moi ben para donde, marcheime

para Curitiba ou «Coritiva», como chama o Sr. Santos á cidade onde se estableceu.

O Sr. Santos seguiu contándonos a súa aventura no viaxe en tren dende Río pasando por Sao Paulo, mesmo de como se queimou ó saltarlle unha chispa da caldeira do tren cando tivo que baixarse axudar a cortar e botar leña. E así chegou por fin a Coritiva.

En Coritiva había outro rapaz que era de eiquí do meu pueblo, moi amigo meu, que xa morreu, que en paz descanse, que se chamaba Lois..

¿Pero xa sabía que estaba alí o seu amigo?

Sí, eu xa falara con él por Teléfono dende Río. Mais a misión que a min

collín a roda de afiar, e por un lado xa lle puxen o nome. E traballaba con todo o capricho. Baixaba a atención en aquilo, traballaba despaciño, as cousas ben feitas, non cobraba moito. Porque o Río de Xaneiro estaba «así» de afiadores, mais en Coritiva non había nada, e traballaba, traballaba, e gañaba diñeiro como quería.

¿Entón era rentable, non?

Era, era, non o iba ser.

¿Canto podía sacar ó día?

Bueno, é difícil de adiviñar... Dous



E que digan o que queiran, e non quero ofender a naide, mais pra min non hai unha industria no mundo, hasta hoxe, coma a da roda de afiar. Esa é a mellor industria de todo o mundo.

me levaba a Curitiba, non era de ir afiar alí, nen de traballar. A miña misión era pasar a Arxentina e buscar a un señor que me prendera aquí a min, que se chamaba Daniel «o Canario», porque era de Canarias. Fora o que me prendera e fixera un atestado falso, (...), e eu quería «falar con él». Máis en Curitiba collín a roda de afiar e empezei a traballar, a traballar, ...cada día millor, e acordábase-me o que me decía a miña aboa «A quen che faga mal, faille ben. A quen che faga mal, pídelo a deus que viva moitos anos pra que sufrá.»

¿Cantos anos estivo no Brasil?

Mitá da vida: trinta e cuatro anos

¿Sempre afiando?

Sempre afiando, máis ben entendido: eu despois cheguei a Curitiba e

ou tres mil cruceiros, ou cinco mil... pero bueno eso daba igual, porque o cruceiro subía e baixaba. Cando eu cheguei alí pra sacar quinientos cruceiros había que traballar ben, mais despois chegabas a gañar o que querías.

¿Pero por exemplo un que traballase de mecánico ou de carpinteiro, sacaba menos?

Eu sacaba no día tanto coma puidese sacar un deses do que falaches no mes. Aquelo era unha maravilla. Gañabas o que querías, porque non había afiadores. No Río de Xaneiro había moitos afiadores, pero esto quedaba moi lonxe.

(.....)

¿Sempre estivo en Curitiba, ou afiou en outras cidades?



Non, sempre estiven alí. Alí as cidades quedan moi lonxe. Primeiro andiven coa roda, e logo xa me instalei nun taller. E eso que eu nunca vira un taller de afiar, menos agora no libro do Olegario(...). Eu facía de todo, porque eu non paraba un minuto, eh!! Eu traballaba moitas veces dende as seis da mañá hata as once da noite. Nun principio non hai negocio. Todo é difícil para empezar. Tárdache en vir a clientela, e había tres talleres cando eu empezei. Un era do Eloi, que tiña a cuchillería Madrid. E despois eu empezei a traballar, e traballar, e prestar atención, porque eu facía un servizo ben feito. No meu taller caía un chorro de auga na pedra coma o de fregar a louza. En primeiro lugar para non destemplan a ferramenta, e despois para que non me viñera o polvo ós ollos. Aquelo era unha maravilla... Tamén arreglaba e facía paraugas... Facía de todo, de todo...(...) Pero Afiar era noite e día.

Eiquí tivemos que deixar (en principio) a nosa conversa co Sr. Santos, porque, como era Domingo, quería marchar á misa. Máis unha vez que empezamos a falar co Sr. Luís, semellou que o Sr. Santos se olvidara da misa. Escoitando ó seu compañeiro de oficio a ben seguro que se lle recordaron moitas máis cousas da súa vida nas américas. De feito, cando rematamos a nosa conversa co Sr. Luís, que marchou á misa deixándonos un pouco “co mel nos labios”, o Sr. Santos seguía alí, escoitando. Acordamos marchar con Florencio ate Arboiro, para ensinarlle ó Sr. Luís a súa famosa colección de rodas de afiar, e ó Sr. Santos iluminou-selle a cara ó descubrir tantas rodas xuntas, algunha das cuales, porque non, quizais xa vira circulando por ahí adiante hai xa moitos anos. Ó final rematamos cun bo xantar en Sas de Penelas, como non podía ser doutro xeito e no restaurante nos atopamos co irmao do Sr. Santos, Sotero, o que tamén estivera no Brasil. Foinos inútil calquer intento de pagar a conta. ¡Orgullo de afiadores!

Conversa co **Sr. Luís Pérez Prieto**,
o día 28 de setembro de 1997
70 anos
Afiador de Piñeiroá
Concello de Castro Caldelas

¡Qué grande!. Dixo o Sr. Luís cun acento totalmente arrabalero que nos descubría de inmediato onde estivera afiando. Todo mentras deixaba un elegante chapeu por riba da mesa... Semellaba de entrada un pouco máis remiso a falar co Sr. Santos. Seguramente porque estaba máis pendiente de ir á misa de doce que de aguantarnos a nós e as nosas preguntas. O certo é que tiñamos a sensación de que non lle importaba moito o que nós lle dicíamos, e de feito as súas contestacións ás veces pouco tiñan que ver co que nos lle preguntábamos. Como bon afiador dos de “a pé”, estaba afeito a “ir ó seu aire”. Por eso el mesmo foi quen empezou a contarnos a súa historia sen necesidade de que lle preguntáramos nada.

“Quedeime sen pai dende pequeno, e andiven por ahí coma o porco de San Antonio. Todos axudaron a me criar...”

... cada día millor, e acordábaseme o que me decía a miña aboa «A quen che faga mal, faille ben. A quen che faga mal, pídelo a deus que viva moitos anos pra que sufra.»

¿Cantos anos tiña cando marchou?

Tiña uns trece anos.

¿Que marchou, con outro Afiador?

Levoume o meu tío para Valencia. Eu levaba o oficio no corpo de sentir falar eiqú os afiadores veteranos. E alí en Valencia querían que fora ó Colexio, que non saíra coa roda, e un día escapeime, collín a roda, e ¡¡ó Carallo!! (O Sr. Santos non o pode evitar, e asinte” ¡¡Fíxechen ben!!).

Así que andiven uns catorce anos afiando en Valencia.

¿Pero aprendeu vostede sólo?

Sí, si, eu sólo. O que pasa é que eu xa miraba alí como afiaba o meu tío tiña que tiña un taller. Despois estiven por ahí dando unhas cantas voltas, e despois xa o deixei. Pasaron catorce anos e funme para Arxentina, e alí andiven coa tarazona uns trinta e cinco anos.

¿E afiaba sempre na mesma cidade?

Corría toda a República. A veces chegaba a pueblos que había paisanos, e ó ver a roda que iba alí enriba do omnibus, pedíanme permiso para baixala eles “Deixema baixar a min, que esto recórdame moitas cousas”. (...)

¿Facías rutas moi largas coa roda, camiñando?

Sí, eran largas, pero camiñábase pouco. Ibas en tren, e hasta en avión subínme coa roda.

Vouvos contar unha cousa. Un día estabamos catro afiadores. Era un Domingo. Estabamos viaxando





para outro lugar, e paramos a comer uns polos asados no camiño, ó aire libre, e mentras se cociñaban os polos, mentras se asaban, os outros tres despotricaban contra a Tarazana “Esto é o último...” Eu escoitaba, e cando acabaron de falar díxenlles: “¡Que desagradecidos sodes! Se forades agradecidos tiñades que tratar á roda coma se fose a vosa señora. Poñervos de rodillas á noite e darlle as buenas noites” “¡Buenas noches, querida”. “E a mañá outra vez, e Buenos días”. ¿Con que menos capital vos independizastes?

“É dicir, que dos cuatro, eu era o único que lle tiña cariño á roda. (....) ¿Por donde empezou a afiar? ¿Foi a Bos Aires dende Vigo? Si, fun a Buenos Aires, pero dende Barcelona... Pero agora vouvos contar unha poesía, a ver se a sabedes.

O Sr. Luís recitounos dun tirón a seguinte poesía:

*Eu lin nunba revista,
e creo que debe ser certo,
que os mellores industriales
salen da terra da chispa.
Por donde queira que un vai,
sempre sinte vocear
os de Ourense desta maneira:
¡Afiador e Paragüeiro,
arreglo fontes e porcelanas,
compro gomas vellas e
[farrapos!
E os que fan esas cousas,
tamén teñen a costumbre
de subir polas ventanas.
A miña irmá tiña unha filla
duns vinte anos e pico,
e non lle deixaban ter mozo
basta que non chegara un
[de ben,
porque ela ben o merecía,
por ser boa moza, ter boa casa,*

*e un bó lameiro por adiante.
Pero eu non sei o que foi,
ou ben o que utilizou
un paragüeiro de Ourense,
con sencillez a enganou.
Alá pola media noite,
cando todos estaban na cama,
o condenado subía pola
[ventana.
O pouco tempo empezouse a
[sentir maliña:
e eu mesmo lle fun buscar
o médico á Veigiña.
Deulle fregas á barriga*



*e inyeccións de suero.
Enseguida se descubriu
que había principios dun
[paragüeiro.
Ó saber o contenido,
a irmá e o cuñado
[empezaron a berrar,
que aquilo era un alarido
e eu funos contemplando
e convencinos de que chorar
era perder o tempo.
Chamamos ó paragüeiro
e tratouse o casamento.
¡Pero agora o condenado
non se quere suxetar!
Sempre segue preguntando
¿Tedes algo que arreglar?
Unbas fan que non, e outras van
[facendo
coma que teñen un clavo pra
[remachar.
Dice a maestra do pueblo,
que unha muller moi lista:
“Non vos hai peor canalla,*

que eses da terra da chispa”.
¡¡¡Qué grande!!!...

¿Esa poesía donde a aprendeu?
Eso mandáronlla a unha señora dende eiquí de España, e un paisano noso, deiquí do Burgo, estáballe afiando as cousas e a señora ensiñoulle a “milonga” esa, e o afiador díxolle “Señora, se me da esa copia,

Eu levaba o oficio no corpo de sentir falar eiquí os afiadores veteranos. E alá en Valencia querían que fora ó Colexio, que non saíra coa roda, e un día escapeime, collín a roda, e ¡¡jó Carallo!!.

non lle cobro nada polo traballo”. Entón despois el díuma a min, e eu primeiro tiña que leer, pero agora, xa a teño na “cachola”

¿Canto tempo botou no barco daquela hasta Arxentina?
Uns quince ou dezaseis días.
¿E levaba a roda con vostede?
Non, non... E agora de volta uns doce ou trece días. Eu volvíno no barco.
¿Usted chegou a montar un taller, tamén?
Non, non... “sempre ó lado da miña señora”. Bueno, pois xa está... ¿non?

O Sr. Luís non nos deixou facerlle máis preguntas, porque xa se lle facía tarde para a misa. Colocou o chapeu, mirou a hora no seu reloxo de bolsillo, amarróu o bastón, e marchou con paso lento pola porta do bar co seu impecable traxe de Domingo ¡Que grande!